

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015761	IES Ánxel Fole	Lugo	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	6
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	7
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	8
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	8
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	8
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	9
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	9
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	9
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	10
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	11
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	12
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	13
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	13
o) Outros apartados	13

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Obxectivos xerais na ESO segundo o decreto 156/2022.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Obxectivos xerais no BAC segundo o decreto 157/2022.

O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Obxectivos xerais do IES Ánxel Fole.

- Desenvolver unha conciencia de identidade co medio ou contorna, valorando o patrimonio natural, artístico-cultural e lingüístico da zona, pero dende un certo relativismo que rexeite calquera superioridade dun grupo, cultura

ou nación sobre os demais.

- Asumir unha conciencia social que recoñeza as desigualdades existentes na sociedade e o dereito que teñen todas as persoas a aspirar a iguais posibilidades intelectuais e materiais na vida.
- Preparar ao alumnado para o exercicio dos dereitos e deberes cidadáns, baseado no respecto das liberdades dos demais e do medio que os rodea.
- Consegur un desenvolvemento integral do alumnado que abarque todas as dimensións da súa persoa: intelectual, social, física, etc.
- Educar para unha convivencia pacífica e democrática, respectando e valorando as normas de convivencia do centro.
- Dar á comunidade educativa canles para que todos os sectores se involucren como membros activos, participando e cooperando con responsabilidade, solidariedade e tolerancia na procura de conseguir un maior benestar para todos.
- Fomentar a autoestima e autoconfianza, valorando o esforzo e a superación das dificultades para conseguir formar unha imaxe axeitada dun mesmo.
- Aprender a relacionarse e comportarse socialmente con tolerancia e modais axeitados, respectándose a un mesmo e aos demais.
- Utilizar o centro e as súas dependencias para os fins educativos que lle son propios. Coidar o centro, o seu mobiliario e a súa contorna.
- Formación no respecto e na defensa do medio ambiente, fomentando a súa implicación persoal.
- Desenvolver a curiosidade e o interese pola ciencia, arte, lectura e deportes para que os alumnos adquiran uns coñecementos básicos e capacidades de xuízo que:
 - Os fagan sentirse útiles á sociedade.
 - Poidan usalo no exercicio de actividades profesionais.
- Consegur unha auténtica coordinación didáctica e metodolóxica entre as distintas áreas, etapas e ciclos, así como entre os distintos departamentos.

Obxectivos xerais na ESO.

Tendo en conta que a ESO ten como finalidade transmitir a todos os alumnos os elementos básicos da cultura, formalos para asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos e preparamos para a incorporación á vida activa ou para acceder á formación profesional específica de grao medio ou ao bacharelato, os obxectivos xerais adaptados ao contexto socioeconómico e cultural do centro e ás características do alumnado, establecen que ao final da etapa o alumno ten que ser capaz de:

- Comprender textos de diversos tipos, diferenciando ideas principais e secundarias.
- Producir e analizar textos diversos expresando con claridade, corrección gramatical e ortográfica, propiedade léxica e de forma ordenada diferentes ideas.
 - Razoar e resolver problemas matemáticos da vida cotiá, valorando o proceso lóxico e as estratexias empregadas.
- Obter e seleccionar información de fontes diferentes (audiovisuais, bibliográficas, etc.).
- Amosar actitude crítica respecto ao coñecemento e á sociedade, de xeito que:
 - Acepte a necesidade de que todas as sociedades se rixan por unhas normas.
 - Manifeste unha actuación de cumprimento dos deberes facendo uso dos seus dereitos.
- Interpretar mensaxes plásticas e audiovisuais.
- Realizar traballos sinxelos de investigación relacionados coa realidade natural e sociocultural de Galicia e máis concretamente de Lugo.
 - Interpretar gráficos e planos e manexar instrumentos de medida coas súas correspondentes aplicacións nas distintas áreas.
- Relacionarse con outras persoas e culturas diferentes, mostrando actitudes solidarias e tolerantes.
- Interpretar mapas coas súas correspondentes aplicacións en distintas áreas.
- Desenvolver a súa capacidade de expresión oral na aula.
- Comprender mensaxes artísticas mediante a observación das súas características e modos de expresión empregados.
 - Utilizar a información axeitada para darlle solución a un problema concreto.
 - Valorar a lingua propia como sinal de identidade. Entender a diversidade lingüística e cultural como un feito enriquecedor e un dereito dos pobos.
- Utilizar a Educación Física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e coidar a saúde.

Obxectivos xerais no Bacharelato.

- Formarse persoal, social e moralmente, de xeito que lles permita actuar de forma autónoma, responsable e crítica na sociedade.
- Dominar a lingua castelá e galega, ampliando o vocabulario e perfeccionando a expresión oral e escrita.
- Afondar no coñecemento da obra literaria, de xeito que adquiran “gusto” pola lectura.
- Desenvolver a sensibilidade e potenciar a creatividade artística e literaria como fonte de información e enriquecemento persoal e cultural.
- Comprender e expresarse con certa fluidez e corrección nunha lingua estranxeira.
- Analizar e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo e os antecedentes e factores que inflúen nel, para comprender o presente.
- Comprender e aplicar os elementos fundamentais da investigación e do método científico, sendo conscientes da súa repercusión para o home e para o medio.
- Perfeccionar os coñecementos científicos, tecnolóxicos, humanísticos e artísticos fundamentais, así como os procedementos básicos propios da modalidade escollida.
- Utilizar a Educación Física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e coidar a saúde.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

ESO

Con carácter xeral, debe entenderse que a consecución das competencias e obxectivos fixados na LOMLOE para as distintas etapas educativas está vinculada á adquisición e desenvolvemento das competencias clave que se indican a continuación:

- a) Competencia en comunicación lingüística.
- b) Competencia plurilingüe.
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.
- d) Competencia dixital.
- e) Competencia persoal, social e para aprender a aprender.
- f) Competencia cidadá.
- g) Competencia emprendedora.
- h) Competencia en conciencia e expresión cultural.

O perfil de saída do alumnado ao final da educación básica establece as competencias clave que o alumnado debe ter adquirido e desenvolvido ao final da educación básica. Constitúe o referente último do desempeño competencial, tanto na avaliación das distintas etapas e modalidades da formación básica, como para a titulación de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. Basea o resto das decisións curriculares, así como as estratexias e orientacións metodolóxicas na práctica docente.

A adquisición de cada unha das competencias clave contribúe á adquisición de todas as demais. Non existe unha xerarquía entre elas, nin se pode establecer unha correspondencia exclusiva cunha única área, ámbito ou materia, senón que todas se concretan na aprendizaxe das distintas áreas, ámbitos ou materias e, á súa vez, adquirense e desenvólvense a partir da aprendizaxe que ocorre en todas elas.

BAC

Segundo as directrices do decreto 157/2022, as competencias clave do currículo son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística.

- b) Competencia plurilingüe.
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.
- d) Competencia dixital.
- e) Competencia persoal, social e para aprender a aprender.
- f) Competencia cidadá.
- g) Competencia emprendedora.
- h) Competencia en conciencia e expresión cultural.

Estas competencias están vinculadas aos retos do século XXI, así como ao contexto da educación formal e, máis concretamente, aos principios e finalidades do sistema educativo.

Establécense un conxunto de descritores operativos para cada unha das competencias clave, que dan continuidade, afondan e amplían os niveis de rendemento previstos ao final da educación básica, co fin de adaptalos ás necesidades e ao final desta etapa postobrigatoria.

Con carácter xeral, debe entenderse que a consecución das competencias e obxectivos do Bacharelato está ligada á adquisición e desenvolvemento das ditas competencias clave. Por iso, os descritores operativos de cada unha das competencias clave constitúen o marco de referencia desde o que se concretan as competencias específicas das distintas materias. Esta vinculación entre descritores operativos e competencias específicas permite inferir da avaliación destas últimas o grao de adquisición das competencias clave que se espera no Bacharelato e, polo tanto, o logro das competencias e obxectivos previstos para a etapa.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

A educación en valores forma parte da educación integral do alumnado e é esencial para o desenvolvemento da súa personalidade.

Nas Programacións Didácticas dos diferentes departamentos establecerase a concreción do tratamento dos seguintes elementos transversais que dividimos en catro bloques:

- Educación para a convivencia.
- Consumo e medio ambiente.
- Educación para o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial.
- Educación para a saúde.

Para completar o tratamento dos elementos transversais teremos:

- Celebración de datas conmemorativas do calendario como: día contra a violencia de xénero, día dos dereitos humanos, día da muller e da ciencia, día da paz, etc.

- Realización de campañas de sensibilización sobre determinados temas: alimentación saudable, consumo responsable, solidariedade, inmigración, etc.

- Realización de obradoiros e actividades complementarias e extraescolares específicas.

Ademais contactaremos con colectivos alleos ao centro (Cruz Vermella, Delegación de Consumo e Medio Ambiente...) para que colaboren con charlas e información sobre estes temas.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

As propostas metodolóxicas teñen que por especial énfase no acceso de todo o alumnado a educación e a atención á diversidade de alumnado.

Tendo en conta isto, as metodoloxías deberán ser diversas de acordo coas características específicas do grupo ao que nos diriximos.

Na súa práctica docente, o profesorado atenderá aos principios pedagóxicos que inspiran as ensinanzas do currículo e á didáctica específica das materias que imparte e que concretará nas diferentes programacións didácticas, tendo en conta metodoloxías que:

- Se axusten ao nivel inicial do que parte o alumnado e que potencien a aprendizaxe autónoma, activa e participativa do mesmo.
- Concedan importancia á comprensión lectora.
- Impulsen o emprego das novas tecnoloxías de información e comunicación na aula como recurso metodolóxico complementario que axude na formación do alumnado.
- Se apoiem en estruturas de aprendizaxe cooperativa e estratexias interactivas que permitan dinamizar as sesións de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.
- Estean baseadas no traballo por proxectos.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

A relación de libros de texto actualizada por nivel educativo correspondente a cada curso escolar está dispoñible na web do Centro, no apartado: Secretaría - Libros de texto.

O centro forma parte do Proxecto E-DIXGAL en 1º, 2º, 3º e 4º ESO.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Na Educación Secundaria Obrigatoria ofértanse no IES Ánxel Fole todas as materias obrigatorias e optativas posibles e só se limitan cando exista un número insuficiente de alumnado matriculado, segundo os criterios obxectivos previamente establecidos pola administración educativa, ou por incompatibilidade horaria.

Despois das decisións adoptadas na CCP e validadas no claustro, as dúas horas de Libre disposición serán distribuídas do seguinte xeito:

1º ESO - 1 hora de reforzo de Matemáticas e 1 hora de reforzo de Lingua Galega e Literatura. Esa hora será impartida polo/a profesor/a titular de cada materia.

2º ESO - 1 hora de reforzo de Matemáticas e 1 hora de reforzo de Lingua Castelá e Literatura. Esa hora será impartida polo/a profesor/a titular de cada materia.

As modalidades de Bacharelato ofertadas polo IES Ánxel Fole son as seguintes:

- a) Ciencia e Tecnoloxía.
- b) Xeral.
- c) Humanidades e Ciencias Sociais.

O alumnado poderá elixir entre todas as materias específicas da modalidade que curse. Para estes efectos, o centro ofertará todas as materias específicas das modalidades. A elección de materias e itinerarios por parte do alumnado só poderá limitarse cando exista un número insuficiente de alumnado matriculado, segundo os criterios obxectivos previamente establecidos pola administración educativa, ou por incompatibilidade horaria.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias e extraescolares desempeñan unha función fundamental na formación integral do alumnado.

Cada departamento didáctico, o equipo da Biblioteca Escolar e o equipo de Dinamización da Lingua, a comezos de curso na Comisión de Coordinación Pedagóxica, comunica as actividades seleccionadas. Estas actividades pasan a formar parte da Programación Xeral Anual do centro e lévanse ao Consello Escolar para a súa aprobación. O vicedirector do centro coordina a realización das actividades.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O plan de reforzo para o alumnado que promocióne con materias ou ámbitos de cursos anteriores será elaborado polo profesorado que imparte a materia que o/a alumno/a teña pendente(s) de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor.

Para superar a materia pendente o alumnado deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceden.

O plan de reforzo para o alumnado con materias pendentes deberá incluír:

- a) Identificación do alumno/a.
- b) Información relevante sobre a(s) materia(s) sen superar.
- c) Currículo para desenvolver con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar con temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación de información á familia.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

O plan específico para o alumnado repetidor será elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico do alumnado repetidor e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

O plan específico para o alumnado repetidor deberá incluír:

- a) Identificación do alumno/a.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación de información á familia.
- h) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- i) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- j) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

A avaliación ten como finalidade proporcionar información sobre o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. Mediante esa información, tratarase de detectar o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa.

A avaliación inicial ten como principais obxectivos adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

O IES Ánxel Fole realizará unha sesión de avaliación inicial fixada pola Xefatura de Estudos para cada curso e grupo unha vez transcorridas as primeiras semanas de clase desde a data de inicio das actividades lectivas. A sesión de avaliación inicial, realizada baixo a coordinación do profesorado titor, recollerá información do pai/mái/titor(es) legais do alumnado e información procedente do curso anterior e servirá para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Educación Secundaria Obrigatoria - Promoción.

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexan superior a dez. Para estes efectos, non se consideran as materias pendentes de cursos anteriores nin as de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Educación Secundaria Obrigatoria - Titulación.

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá

decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Bacharelato - Promoción.

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.
2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

Bacharelato - Titulación.

1. O título de bacharelato acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias clave correspondentes.
2. Para obter o título de bacharelato cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.
3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharelato por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:
 - a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
 - b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. A xustificación das ausencias realizarase polo procedemento establecido nas NOF.
 - c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria. As probas ou actividades en branco non se terá en conta a estes efectos.
 - d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Educación Secundaria Obrigatoria - Matrícula de honra.

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.
2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro e deben ser obxectivos e públicos.

- a) Concederanse as mencións aos alumnos/as cunha maior nota media no 4º curso de ESO.
- b) En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio, recorrerase á nota media de toda a etapa.

Bacharelato – Matrícula de honra.

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

- a) Concederanse as mencións aos alumnos/as cunha maior nota media no 2º curso de bacharelato.
- b) En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio, desfarase o mesmo recorrendo á nota media de toda a etapa.
- c) De persistir o empate, terase en conta a nota media do 1º curso de bacharelato.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Os diferentes departamentos didácticos desenvolverán o currículo establecido mediante as Programacións Didácticas de cada materia/curso. Estas programacións didácticas estarán a disposición da comunidade educativa na páxina web do noso centro.

As programacións didácticas das diferentes materias faranse na aplicación PROENS e incluirán como mínimo os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluirán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.
- d) Metodoloxía.
 - a. Concrecións metodolóxicas.
 - b. Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
 - a. Procedemento para a avaliación inicial.
 - b. Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación.
 - c. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversal.
 - a. Concreción dos elementos transversais.
 - b. Actividades complementarias.
- h) Práctica docente.
 - a. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 - b. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

En cada reunión mensual dos diferentes departamentos haberá un punto da orde do día que sexa "Seguimento das Programacións Didácticas". Nel os departamentos avaliarán as diferentes programacións.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

No IES Ánxel Fole desenvolveranse os seguintes proxectos, plans e programas de innovación e calidade educativa:

- Plan de igualdade.
- Plan dixital.
- Plan de biblioteca.
- Plan de actividades físicas e hábitos saudables.
- Plan de convivencia.
- Plan Proxecta.
 - 02. Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD).
 - 10. Donas de si.
- PROA +.
- PLAMBE (Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares).
- Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP).
 - Polos creativos (Competencia didáctica).
 - O equipo de internacionalización no centro (Competencia comunicativa).
- Club de Ciencias.
- Club de Lectura.
- E-Dixgal.
- Seccións bilingües autorizadas de Inglés na materia de Tecnoloxía e Dixitalización en 1º ESO, Tecnoloxía e Dixitalizacións en 2º ESO, na materia de Física e Química en 3º ESO e en 4º ESO e na materia de Educación Dixital en 3º ESO.
- Acreditación alumnado lingua estranxeira Inglés.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A principios de curso e ao final procederase á revisión dos diferentes puntos que compoñen a Concreción Curricular do centro e será modificada, se é o caso, e elevarase a súa aprobación ao Claustro.

o) Outros apartados

1. Primeiro apartado

Ningunha modificación.